

Hoxe, nun mitin en Arteixo ao que asistiron 400 persoas e no que interviron tamén o cabeza de lista pola provincia da Coruña, Diego Calvo, e o alcalde Carlos Calvelo

Alfonso Rueda reivindica a lingua como elemento de concordia e non de ruptura como quere o nacionalismo

- “Gobernar non é un concurso de anuncios nas redes sociais. Gobernar é xestionar e para xestionar hai que ter experiencia, ser serio e fuxir dos sectarismos”, explica mostrando a súa preferencia polo “sentidiño” fronte ás “ideoloxías extremistas”
- Pide o voto para que Galicia siga funcionando, para dar solucións onde hai problemas, para que a ideoloxía non sexa un principio único para dirixir o país e para que a nosa Comunidade siga sendo unha terra próspera, aberta e amable

7 de febreiro de 2024. O presidente e candidato do PPdeG, Alfonso Rueda, reivindicou hoxe a lingua como elemento de concordia e unión e non de ruptura, tal e como pretende o nacionalismo. Porque, asegurou, “cando empezan a dicirnos como temos que falar, acaban dicíndonos como temos que pensar e xa vemos noutros territorios de España como acaba isto”.

Aproveitando a súa presenza en Arteixo, o líder dos populares galegos fixo un paralelismo entre o Goberno galego e o concello liderado por Carlos Calvelo: “Cando un gaña unhas eleccións coa maioría suficiente para poder gobernar, hai estabilidade e políticas prácticas que permiten facer cousas sen perder o tempo”.

Esa é, segundo Rueda, a “clave para chegar lonxe”. Xusto o contrario do que acontece con aqueles que “pensan que gañar é un trofeo en si mesmo e só aspiran a gañar para sacar aos que están pero sen sabe que van facer despois”. Reivindicou neste sentido que “gobernar é unha cousa moi seria” e que, en consecuencia, hai que tomala moi en serio.

“Gobernar non é un concurso de anuncios nas redes sociais. Gobernar é xestionar e para xestionar hai que ter experiencia, ser serio e fuxir dos sectarismos”, explicou mostrando a súa preferencia polo “sentidiño” fronte ás “ideoloxías extremistas” e reivindicando o bo goberno como un reto diario na busca da unidade.

“UNS FALAN DO QUE VAN FACER, NÓS PREFERIMOS FACELO”

Unha seriedade que fai extensiva tamén á hora de facer propostas e da que carecen os partidos que compoñen o multipartito de esquerdas. Algo que exemplificou coas promesas de facer gratis as autopistas do PSOE, que nunca se fan realidade e que eles mesmos incumpren mentres o Goberno galego bonifica as tarifas da AG-55 entre A Coruña e Carballo.

Neste sentido a Rueda non lle valen “o independentismo disfrazado de cordeiro dun BNG que ten como únicos obxectivos a independencia de Galicia e a imposición do monolingüismo nas escolas”, nin “a filial de Pedro Sánchez” que o PSOE pretende instalar na nosa Comunidade. Como tampouco partidos como Sumar, que cualifica de “experimento de Yolanda Díaz”, ou un Podemos “que convoca unha rolda de prensa para dicir que lles puxeron os mobles no pasillo”.

O presidente e candidato do PPdeG non quere nada disto para Galicia e por iso pediu unha maioría coa que impedilo o próximo 18 de febreiro. E aspira a ela non só porque é consciente de que ao seu partido non lle vale outra cousa, senón porque quere defender o balance das moitas cousas boas que se fixeron nestes anos.

Mencionou neste sentido o incremento do investimento e de persoal na sanidade pública ou a gratuidade do sistema educativo que agora propón facer tamén extensiva ás matrículas universitarias. “A algúns éncheselle a boca co que din que van facer, pero nós preferimos facer as cousas e seguir así”, apuntou.

Alfonso Rueda concluíu a súa intervención pedindo o voto para que Galicia siga funcionando, para dar solucións onde hai problemas, para que a ideoloxía non sexa un principio único para dirixir o país e para que a nosa Comunidade siga sendo unha terra próspera, aberta e amable.